

## Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural 36

# Como abordamos a conservación preventiva en Galicia? Análise e debate

**Consello da Cultura Galega**
Santiago de Compostela
Martes, 5 de abril de 2022

Consello da Cultura Galega

O termo “conservación preventiva”, tal como entendemos hoxe esta estratexia de conservación, introducírono na década de 1950 os conservadores-restauradores anglosaxóns cando empezaron a comprender os procesos de deterioración que afectaban ás coleccións en museos e a buscar as medidas de control dos factores que os orixinaban e que nos seus inicios se limitaban a controlar a humidade e a iluminación nos museos. O cambio prodúcese a partir de 1975, cando o ICCROM comeza a impartir cursos sobre conservación preventiva. Estes cursos, realizados ao longo de 15 anos e con participantes procedentes de países e culturas moi diversas, permitiron determinar moitas máis causas de agresión dos bens patrimoniais e establecer estratexias de conservación.

Neste encontro falaremos de conservación preventiva en Galicia. Non é esta, nin moito menos, a primeira vez que se aborda este tema na nosa comunidade. Xa en 1996 se realizou en Vigo o Coloquio Internacional sobre a Conservación Preventiva de Bens Culturais, froito da colaboración do Museo Quiñones de León, o Comité Español do ICOM e a Universidade de Vigo. Nel analizáronse experiencias e resultados en varias institucións e países e participaron relatores que foron pioneiros desta práctica no noso país, como Benoit de Tapol. Tamén a Xunta de Galicia tivo a súa representación na figura de Bieito Pérez Outeiriño, naquel momento subdirector xeral do chamado Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais. E no ano 2000 tivo lugar na Coruña o VI Coloquio Galego de Museos dedicado á conservación preventiva.

Esta recorrencia mostra o interese do tema, sendo unha preocupación constante á que se volve na idea de que na prevención están algunhas das bases importantes da conservación do patrimonio. Desta volta, en 2022, intentaremos reflexionar sobre cal é a situación da conservación preventiva en Galicia nunha ollada sobre diferentes patrimonios, realidades e xestións, desde un encontro monográfico e algunhas miradas complementarias.

# Programa

16:15 horas
Presentación
**Rosario Álvarez**, presidenta do CCG
**Rebeca Blanco-Rotea**, coordinadora da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG
**Rosa Benavides García**, membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

16:30 horas
*Por que a conservación preventiva? Unha revisión desde a adopción internacional do termo até a elaboración do Plan Nacional de Conservación Preventiva*
**Rosa Benavides**, restauradora e membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

17:00 horas
Relatorio 1
*Sobre os criterios de Conservación Preventiva no Patrimonio Cultural*
**Felipe Arias Vilas**, museólogo, historiador e arqueólogo

17:30 horas
Relatorio 2
*Patrimonio xestionado pola Igrexa. Situación, problemática e liñas de futuro*
**Carolina Casal Chico**, investigadora da Rede de Estudos Medievais da USC

18:00 horas
Relatorio 3
*Patrimonio xestionado polos concellos. Planes e ferramentas*
**Juan Carlos Castro Carrera**, arqueólogo municipal de Pontevedra

18:30 horas
Debate
*Conservar / previr para preservar*
Moderan: **Rosa Benavides García** e **Rebeca Blanco-Rotea**

Participan:
**Felipe Arias Vilas**, museólogo, historiador e arqueólogo
**Carolina Casal Chico**, investigadora da Rede de Estudos Medievais da USC
**Juan Carlos Castro Carrera**, arqueólogo municipal de Pontevedra
**Iago Seara**, arquitecto restaurador e membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

**Organiza**
Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)
Consello da Cultura Galega

**Coordina**
Rosa Benavides

**Lugar**
Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

**Inscrición**
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

**Máis información**
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal

**Organiza:**

Consello da Cultura Galega